



PROGRAMACIÓN día a día VERÁN O GROVE 2016

Mércores, 6 de xullo

22.00 h. Cine. *Inside Out (del revés)*. Praza do Hospital.

Xoves, 7 de xullo

20.45 h. Charla: *"Refuxiados: vivencias de dous galegos"*. Sala das Cunchas da Casa do Concello. Organiza: Barlovento. 22.00 h. Xoves Musicais. *Fla-meco*. Praza do Corgo.

Venres, 8 de xullo

12.00-20.00 h. Xornadas de investigación arqueolóxica e videocreación *Telearqueoloxía*. Sala das Cunchas da Casa do Concello. Organiza: Deputación de Pontevedra.

Sábado, 9 de xullo

22.15 h. Música. *Tributo á Creedence a cargo do grupo Greenwater*. Terraza El Patio, rúa Luis Seoane (máis información no local).

Domingo, 10 de xullo

21.00 h. Teatro. *Ano Castelao A lingua na boca, de Limiar Teatro*. Rúa Pratería. Organiza: Deputación de Pontevedra.

Martes, 12 de xullo

20.30 h. Contacontos. *Burromáquina, de Inacio Vilariño*. Praza de Arriba.

Mércores, 13 de xullo

22.00 h. Cine. *Os Fenómenos*. Praza do Hospital.

Xoves, 14 de xullo

20.00 h. Xoves Musicais. *I Puritani (ópera)*. Retransmisión en directo desde o Teatro Real de Madrid. Praza de Arriba.

Festas do Carme.

Programa do día

11.00 h. Salva de bombas para anunciar o comezo das festas. 19.30 h. Homenaxe ás xentes do mar. *Lectura do pregón e actuación da Banda do Sekio*. Rúa Pratería.

21.30 h. Concerto de La Ricura. Praza do Corgo. 22.30 h. Concerto de Panorama. Praza do Corgo.

Venres, 15 de xullo.

Festas do Carme.

Programa do día

21.30 h. *Verbena co Dúo Prisma*. Praza do Corgo. 00.00 h. *Tirada de fogos de artificio a cargo de Pirotecnia galega*. Porto do Grove. 00.00 h. *Concerto de Assia*. Praza do Corgo.

Sábado, 16 de xullo.

Festas do Carme.

Programa do día

11.00 h. Salva de bombas para anunciar o Día Grande da Festa. Percorrido desde o Corgo á igrexa parroquial das Majorettes de Cantodorxo acompañadas da Banda de Música de Ribadumia.

11.30 h. Misa solemne na honra da Virxe do Carme. Igrexa parroquial. 13.00 h. Concerto da

Banda de Música de Ribadumia. Praza de Arriba.

13.00 h. Recepción na Casa da Terceira idade. Organiza: Concello do Grove. 18.30 h. *Procesión marítima*. Porto do Grove.

21.30 h. *Verbena coa orquestra Costa Oeste*. Praza do Corgo. 23.30 h. *Concerto de La Guardia*. Praza do Corgo. 02.00 h. *Festa da Xuventude cos DJs Charly, Adrián Mascatto, Djow e Manu Dastrash*.

Domingo, 17 de xullo

Festas do Carme.

Programa do día

11.30 h. Regata Bandeira Virxe do Carme de Traíñeiras. Liga Galega de Traíñeiras. "A". Porto do Grove. 20.00 h. *Romaría popular urbana coa actuación do Grupo de Gaitas Os Mecos de OGrobe*. Praza do Corgo. 21.00 h. Actuación da Escola de Baile Tradicional Cantodorxo. 21.30 h. *Verbena coa Orquestra Calle Real*.

Luns, 18 de xullo

Festa do Carme.

Programa do día

Día dos Nenos e Nenas. Descontos nas atraccións.

22.00 h. Cine ao natural. *Los Minions*. Praza do Corgo. Patrocina: Gas Natural.

Mércores, 20 de xullo

22.00 h. Cine. *O Apóstolo*. Praza do Hospital.

Xoves, 21 de xullo

11.00 h. Xogos Populares. Praza de Arriba (ata as 14.30 h.).

21.00 h. Xoves musicais. *Os amigos do acordeón das Rías Baixas*. Praza do Corgo.

Venres, 22 de xullo

20.00 h. *Xornada de Conmemoración do Centenario das Irmandades da Fala*. Salas das Cunchas.

Conferencia a cargo de Emilio Ínsua, profesor e escritor. Inauguración da exposición Castelao e os irmáns da liberdade. Proxección Miss Ledy. 22.30 h. Concerto Kolo. Terraza O Patio, rúa Luis Seoane (máis info no local).

Sábado, 23 de xullo

21.00 h. Concerto. III Memorial Loli Cabanelas da Coral Polifónica da Confraría de San Martiño do Grove. Praza do Corgo.

Domingo, 24 de xullo.

18.00 h. Festa da Patria. Festa infantil con incharables, xogos populares e pintacaras. Paseo de Beiramar e Praia de Peralto.

Luns, 25 de xullo. Día Nacional de Galicia

12.00 h. Acto institucional do Día Nacional de Galicia, coa actuación da Coral Polifónica da Confraría de San Martiño. Praza do Corgo. 21.00 h. Cultura no Camiño. Espectáculo. O Mago Teto, Novas Tolemaxias. Praza do Corgo.

Martes, 26 de xullo.

21.00 h. Espectáculo. *Tropa de Trapo, Zona en Obras*. Rúa Pratería.

22.00 h. **Noite de humor 6.1** con Javier Veiga, David Amor, Touriñán, Pepo Suevos, Fede e Marcos. Terraza el Patio (máis info no local).

Mércores, 27 de xullo

22.00 h. **Cine. Castelao e os irmáns da liberdade.** Praza do Hospital.

Xoves, 28 de xullo

21.00 h. **Xoves musicais. Habelas Hainas.** Praza do Corgo.

Venres, 29 de xullo

22.15 h. **Música. Acústico Terapia de Grupo.** Terraza El Patio, Rúa Luis Seoane (máis info no local).

Sábado, 30 de xullo

10.30 h. **V O Grove Jam Fest.** Praza do Corgo.

Domingo, 31 de xullo

21.30 h. **Concerto de Uxía e Narf. Baladas da Galiza Imaxinaria.** Praza do Corgo.

Martes, 2 de agosto

21.00 h. **Contacontos. As Fedellas.** Praza de Arriba.

Mércores, 3 de agosto

22.00 h. **Cine. Exhibición de curtametraxes. As melloras curtas do circuito de CortoEspaña 2015.** Praza do Hospital.

Xoves, 4 de agosto

22.00 h. **Xoves musicais. Os Firrás.** Praza do Corgo.

Venres, 5 de agosto

20.00 h. **Inauguración da Exposición A Toxa: imaxes inéditas.** Sala das Cunchas.

22.15. **Música. Carolina Rubirosa.** Terraza El Patio, rúa Luis Seoane (máis info no local).

Sábado, 6 de agosto

21.00 h. **XIX Festival Folclórico Cantodorxo.** Praza do Corgo. Organiza: Cantodorxo.

Domingo, 7 de agosto

10.00 h. **VIII Romaría Festa da Malla.** San Vicente. Organiza: Roza do Pedrol.

Mércores, 10 de agosto

22.00 h. **Cine. Marte.** Praza do Hospital.

Xoves, 11 de agosto.

22.00 h. **Xoves musicais. Naked Covers.** Praza do Corgo.

Venres, 12 de agosto

21.30 h. **Concerto. Orquestra de Cámara Lira.** Igrexa parroquial de San Martiño.
21.00 h. **Observación astronómica Bágoas de San Lourenzo.** Aparcadoiro da praia da Lanzada.
20.00 h. **Salgadura da Sardiña. Curado na Chanca.** Almacén Vello do Espacio Museístico de Moreiras.

Sábado, 13 de agosto

20.00 h. **Carnaval de verán.** Rúas Pombal e Castelao.
21.00 h. **Observación astronómica Bágoas de San Lourenzo.** Aparcadoiro da praia da Lanzada.

Domingo, 14 de agosto.

21.00 h. **Pandeiretada**

coa participación da Asociación de Xubilados e Pensionistas (Asxupen), Mulleres Rurais Adro Vello, Paradanda-Mecos e Cantodorxo.

Martes, 16 de agosto.

20.30 h. **Contacontos. Estrafalaria, de Xarope Tulú.** Praza de Arriba.

Mércores, 17 de agosto

12.00 h. **Exposición. Energy Truck.** Museo do Gas da Fundación Gas Natural Fenosa. Praza do Corgo. Ata as 20.00 h. Organiza: Gas Natural.
22.00 h. **Cine. Ocho apellidos catalanes.** Praza do Hospital.

Xoves, 18 de agosto

12.00 h. **Exposición. Energy Truck.** Museo do Gas da Fundación Gas Natural Fenosa. Praza do Corgo. Ata as 20.00 h. Organiza: Gas Natural.
19.30 h. **Salgadura da Sardiña. Estibar e cargar o morto.** Almacén Vello do Espacio Museístico de Moreiras.
21.00 h. **Xoves Musicais. Xhiva.** Praza do Corgo.
22.30 h. **Monólogo. Carlos Blanco.** Terraza El Patio, rúa Luis Seoane (máis info no local).

Venres, 19 de agosto.

13.00 h. **Romaría no Museo da Salga de San Vicente.**
21.00 h. **Contacontos. Romaría. Contos e lendas da nosa Terra, de Raquel Queizás.** Rúa Pratería.
22.15 h. **Música. La pistola del manco.** Terraza El Patio, rúa Luis Seoane (máis info no local).

Sábado, 20 de agosto

20.00 h. **V Exhibición de baile Cantodorxo.** Praza do Corgo. Organiza: Cantodorxo.

Martes, 23 de agosto

20.00 h. **Contacontos. Pedro Brandariz: Contos e outras andrómenas.** Praza de Arriba.

Mércores, 24 de agosto

22.00 h. **Cine. El desconocido.** Praza do Hospital.

Xoves, 25 de agosto

21.00 h. **Juan Carlos Cambas e Rosa Leiro, Cantto libre.** Praza do Corgo.

Venres, 26 de agosto

20.00 h. **Espectáculo infantil. Os sete magníficos +1: A historia da Blancaflor.** Rúa Pratería.
21.30 h. **Festa con Javi Solla.** Rúa Pratería.

Sábado, 27 de agosto

21.00 h. **Concerto Dani Cornes.** Praza do Corgo.

Venres, 2 de setembro.

20.00 h. **Cultura no camiño. Espectáculo: A peregrinaxe da vangarda.** Praza do Corgo. Organiza: Paranda-Mecos.

Sábado, 3 de setembro

20.00 h. **Festival Paradanda-Mecos.** Praza do Corgo.



MÚSI- CA

E ademais...

ÓPERA

Xoves, 14 de xullo 20.00 h.

***I Puritani*, de Vincenzo Bellini**
Retransmisión en directo desde o Teatro Real de Madrid en conmemoración do seu bicentenario.

Melodramma serio en tres actos.
Música de Vincenzo Bellini
Libreto de Carlo Pepoli, baseado na obra de teatro *Têtes rondes et cavaliers* (1833), de Jacques-François Ancelot e Jacques Xavier Saintine.

Estreada no Théâtre Italien de París, o 24 de xaneiro de 1835.
Estreada no Teatro Real o 6 de decembro de 1850.

Nova produción do Teatro Real, en coprodución co Teatro Municipal de Santiago de Chile.

É esta a última ópera de Bellini, prematuramente morto aos 34 anos, cando lograra que a sociedade parisiña se rendese aos seus pés e por fin, nun panorama musical dominado polos italianos, encargáranlle unha obra histórica que, sobre o fondo da guerra civil inglesa que confrontou a Cromwell e os puritanos cos eduardinos, desenvolve unha apaixonada historia de amor salpicada pola traizón e a loucura. A ópera céntrase nunha característica heroína romántica, Elvira, que sofre a experiencia de sentirse traizoada polo seu prometido, o mesmo día da súa voda. Este feito provócalle un sentimento tan doloroso e insoportable que o seu entendemento non o pode resistir e tolea.

Director musical: Evelino Pidó
Director de escena: Emilio Sagi
Director do coro: Andrés Máspero

Reperto:
Lord Gualtiero Valton: Myklos Sebestyén; Sir Giorgio: Nicolas Tezer; Lord Arturo Talbo: Javier Camarena; Sir Ricardo Forth: Ludovic Tezier; Sir Bruno Robertson: Antonio Lozano
Enriqueta de Francia: Annalisa Stroppa; Lady Elvira Valron: Diana Damrau.
Coro e Orquestra Titulares do Teatro Real.

Xoves Musicais

Todos os xoves na praza do Corgo

7 de xullo. 22.00 h.

Fla-Meco (flamenco e rumba)

14 de xullo. 20.00 h.

***I Puritani*, de Vincenzo Bellini**
(ópera). Praza de Arriba.

21 de xullo. 22.00 h.

Os amigos da acordeón das Rías Baixas (música tradicional).

28 de xullo. 22.00 h.

Habelas Hainas (folk galego)



4 de agosto. 22.00 h.

Os Firrás (cantos de taberna)

11 de agosto. 22.00 h.

Nacked Covers (fado, canción galega e pop español)

18 de agosto. 21.00 h.

Xhiva (rock)

25 de agosto. 21.00 h.

Juan Carlos Cambas e Rosa Leiro, Canto libre (fado e música galega)

CORAIS

Sábado, 23 de xullo

21.00 h. III Memorial Loli Cabanelas da Coral da Confraría de San Martiño do Grove. **Praza do Corgo.**
Contará coas actuacións de:
Coro infantil da Confraría de Pescadores San Martiño do Grove
Coro xuvenil Clave de Sol de Vilariño (Cambados)
Coral Polifónica de Poio

MÚSICA DE CÁMARA

Venres, 12 de agosto

21.30 h. Orquestra de Cámara Lira. Igrexa Parroquial de San Martiño.



CONCERTOS

Domingo, 31 de xullo

21.30 h. **Uxia e Narf:**
Baladas da Galiza Imaxinaria. **Praza do Corgo.**
As **Baladas da Galiza** Imaxinaria seguen a arrasar nos escenarios galegos. Despois de percorreren América, actuando tanto en pequenos clubs como na XXVI Fiesta Nacional del Chamamé, na Arxentina, ou no Roulette Theatre de Nova York, volveron a Galicia demostrando o seu talento tanto en espazos abertos (Lubicán de Lugo) como en teatros. Pandeireta e guitarra eléctrica, tradición e modernidade, convivencia de linguas e estilos, e todo fiado por dúas voces excelentes.



Sábado, 27 de agosto

21.00 h. **Dani Cornes.**
Praza do Corgo
Presentación do seu último traballo **Salto al vacío**.

MÚSICA URBANA

Sábado, 30 de xullo

10.30 h. **V O Grove Jam Fest.** **Praza do Corgo**
Nova edición do Festival de Cultura Urbana do Grove.



TEA- TRO E DANZA

Domingo, 10 de xullo

21.00 h. **Ano Castelao.** A lingua na boca, de Limiar Teatro. **Rúa Pratería.**
Organiza: Deputación de Pontevedra

Sábado, 20 de agosto

20.00 h. **V** Exhibición de baile de Cantodorxo. **Praza do Corgo**

Venres, 2 de setembro

20.00 h. **Cultura no Camiño** A peregrinaxe da vangarda, de FusionArte. **Praza do Corgo.**

Expresión corporal: Mari Ah!
Música: Álvaro Muras
Audiovisuais: Ángeles García
Camiño dunha confluencia artística que nos leva a unha experiencia extrasensorial difícil de esquecer por medio da danza, a música e os audiovisuais. Unha sinxería de expresións peregrinando cara a vangarda.

CINE

para asegurarse que Riley é feliz mentres dirixe os seus colegas Medo, Ira, Nexo e Tristeza.
Idioma da proxección: castelán.

13 de xullo.
Os Fenómenos




Ano: 2014
Duración: 99 min.
País: España
Director: Alfonso Zarauza
Reporto: Lola Dueñas, Luis Tosar, Juan Carlos Vellido, Miguel de Lira, Antonio Durán 'Morris', Xosé Antonio Touriñán, Federico Pérez Rey, Marcos Javier Fernández Elmil, Farruco Castromán, Xúlio Abonjo
Produtora: Maruxiña Film Company / ZircoZine
Xénero: Drama | Traballo/emprego
Unha muller que vive desde hai tres anos nunha furgoneta aparcada na costa de Almería ve como a súa parella desaparece precisamente o día en que ía empezar a traballar. Recollidos os trastes, regresa co seu bebé á súa vila natal, Ferrol, na Coruña. Ao principio ten enormes dificultades para encontrar traballo, pero acaba conseguindo un posto de peón de albanel. Superada con coraxe a dureza do oficio, pronto a súa cuadrilla empeza a destacar entre as demais pola súa extraordinaria capacidade de traballo.
Idioma da proxección: español-galego

20 de xullo.
O Apóstolo



Ano: 2012
Duración: 72 min.
País: España
Director: Fernando Cortizo
Produtora: Artefacto Producciones
Xénero: Animación. Fantástico. Intriga. Terror
Un preso acabado de escapar do cárcere intenta recuperar o botín que escondeu uns anos antes nunha remota e solitaria aldea; pero o que alí atopa supón unha condena peor que a cadea. Sinistros ancianos, estrañas desaparicións, espíritos, un peculiar sacerdote e ata o mismísimo arcepreste de Santiago protagonizan unha historia de terror, humor e fantasía. Primeira produción de stop-motion con plastilina feita en España. Conta coas voces de Luis Tosar, Geraldine Chaplin, Manuel Manquín, Jorge Sanz e Paul Naschy, entre outros.
Idioma da proxección: galego.

27 de xullo.
Castelao e os irmáns da liberdade.



3 de agosto.
Exhibición de curtas. As mellores curtas do circuito de CortoEspaña 2015. Proxectaranse as curtas: "Óscar desafinado" de Mikel Alvariño
"Un día de campo" de Carlos Caro
"Porsiemprejamón" de Ruth Díaz
"Campostanto" de Rodrigo Carnet e Manuel Minaya
"40 aniversario" de J. Enrique Sánchez

10 de agosto.
Marte



Ano: 2015
Duración: 142 min.
País: Estados Unidos
Director: Ridley Scott
Reporto: Matt Damon, Jessica Chastain, Chiwetel Ejiofor, Jeff Daniels, Kate Mara, Michael Peña, Sean Bean, Kristen Wiig, Sebastian Stan, Aksel Hennie, Benedict Wong, Mackenzie Davis, Donald Glover, Mark O'Neal, Brian Caspe, Chen Shu, Eddy Jo
Produtora: Twentieth Century Fox / Scott Free
Xénero: Ciencia ficción. Drama
Durante unha misión tripulada a Marte, o astronauta Mark Watney é dado por morto tras unha terrible treboada e abandonado pola tripulación, que pon rumbo de volta á Terra. Pero Watney sobrevivió e atópase atrapado e só no hostil planeta vermello. Con subministracións escasas, deberá recorrer ao seu enxeño e ao seu instinto de supervivencia para encontrar a maneira de comunicarlle á Terra que segue vivo.
Idioma da proxección: castelán

17 de agosto.
Ocho apellidos catalanes



Mércores de cine
Todos os mércores, a partir das 22.00 horas, na praza do Hospital.

6 de xullo.
Inside Out (del revés)



Ano: 2015
Duración: 94 min.
País: Estados Unidos
Director: Pete Docter, Ronnie Del Carmen
Produtora: Pixar Animation Studios / Walt Disney Pictures
Xénero: animación. Fantástico. Aventuras. Comedia
Riley é unha rapaza que goza ou padece toda clase de sentimentos. Aínda que a súa vida estivo marcada pola Alegría, tamén se ve afectada por outro tipo de emocións. O que Riley non entende moi ben é por que motivo ten que existir a Tristeza na súa vida. Unha serie de acontecementos fan que Alegría e Tristeza se mesturen nunha perigosa aventura que lle dará un xiro ao mundo de Riley.
Algunha vez viches a alguén e te preguntache qué pasa na súa cabeza? Del Revés (Inside Out), de Disney•Pixar, dáche a resposta. Con sede no Cuartel Xeral da mente de 11 anos de Riley, cinco emocións están traballando duro, lideradas pola optimista Alegría. Ela esforzase

Ano: 2015
 Duración: 99 min.
 País: España
 Director: Emilio Martínez-Lázaro
 Reparto: Dani Rovira, Clara Lago, Karra Elejalde, Carmen Machi, Berto Romero, Belén Cuesta, Rosa María Sardà, Alfonso Sánchez, Alberto López, Agustín Jiménez, Esperanza Pedreño
 Productora: Telecinco Cinema / Lazona Films / Weather Films
 Xénero: Comedia. Romance
 As alarmas de Koldo (Karra Elejalde) acéndense cando sabe que a súa filla Amaia (Clara Lago), tras romper con Rafa (Dani Rovira), namoroose dun catalán (Berto Romero). Decide entón poñer rumbo a Sevilla para convencer a Rafa de que o acompañe a Cataluña para rescatar a Amaia dos brazos do rapaz e do seu ambiente. Secuela de Ocho apellidos vascos.
 Idioma da proxección: castelán

24 de agosto.
 El desconocido (acción)



Ano: 2015
 Duración: 91 min.
 País: España
 Director: Dani de la Torre
 Reparto: Luís Tosar, Javier Gutiérrez, Goya Toledo, Elvira Mínguez, Fernando Cayo, Paula del Río, Marco Ruiz, Luis Zahera, Ricardo de Barreiro, María Mera, Antonio Mourelos
 Productora: Atramedia Cine / La Ferme! Productions / Televisión de Galicia (TVG) / Vacca Films
 Xénero: Thriller. Acción
 Carlos, executivo de banca, comeza a súa rutineira mañá levando os seus fillos ao colexio. Cando arrinca o coche, recibe unha chamada anónima que lle anuncia que ten unha bomba debaixo do asento e que dispón apenas dunhas horas para reunir

unha elevada cantidade de diñeiro; se non o consegue, o seu coche voará polos aires.
 Idioma da proxección: castelán

E ademais...

Cine al natural
 Luns, 18 de xullo a partir de las 22:00h
 O Grove, Praza do Corgo
 gasNatural
 Hecho y dicho
 *paseos con itinerarios temáticos

Luns, 18 de xullo,
 22.00 h. **Cine ao natural, Los Minions.** Praza do Corgo.
 Gas Natural trae ao Grove a proxección en pantalla xigante do filme de animación Los Minions.

Ano: 2015
 Duración: 91 min.
 País: Estados Unidos
 Director: Kyle Balda, Pierre Coffin
 Productora: Illumination Entertainment
 Xénero: Animación. Comedia
 A historia dos Minions remóntase ao principio dos tempos. Empezaron sendo organismos amarelos unicelulares que evolucionaron a través do tempo, poñéndose sempre ao servizo dos amos máis desprezables. Ante a súa incapacidade para manter eses amos —desde o T. Rex a Napoleón—, os Minions acaban atopándose sós e caen nunha profunda depresión. Porén, un deles, chamado Kevin, ten un plan. Acompañado polo rebelde Stuart e o adorable Bob, emprende unha emocionante viaxe para conseguir unha xefa a quen servir, a terrible Scarlet Overkill. Pasarán da xeadá Antártida á cidade de Nova York

nos anos sesenta, para acabar no Londres da mesma época, onde deberán enfrontarse ao maior reto ata a data: salvar a raza Minion da aniquilación.
 Idioma da proxección: castelán.

Venres, 22 de xullo.
 21.00 h. **Miss Ledy.** Praza do Corgo
 Miss Ledy ou Miss Ledyá é o primeiro filme de ficción galego que se coñece.
 Ano: 1916
 Duración: 20 minutos
 País: Galicia (España)
 Director: Xosé Gil y Gil con guión de Rafael López de Haro
 Xénero: ficción.
 A historia, moi influída polos seriais cinematográficos de Louis Feuillade, moi de moda naquela época, narra a chegada a Pontevedra de Miss Ledyia Katson e o seu tío millonario desde os Estados Unidos e a súa estadia na Illa da Toxa. Alí coinciden cos reis de Suavia que se atopan de incógnito e que están ameazados pola chegada dun anarquista que pretende realizar un atentado. A película foi rodada na Illa da Toxa, no balneario do Río Lérez en Monteporreiro, e na Caeira e Portosanto (Poio). Estreouse o 3 de marzo de 1916 no Teatro Principal de Pontevedra.


CIENCIA E HISTORIA

22 de xullo. 20.00 h.
Xornada de conmemoración do centenario das Irmandades da Fala. Sala das Cunchas. Conferencia a cargo de Emilio Ínsua, profesor e escritor. Doutor en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor de Lingua e Literatura no IES A Basella, de Vilanova de Arousa. Fai parte do consello de redacción da revista Cerna, editada por ADEGA. Colaborou con relativa frecuencia cos semanarios Heraldo de Vivero, La Voz de Ortigueira e A Nosa Terra.

Foi socio fundador da Mesa pola Normalización Lingüística, membro do consello da editorial Letras de Cal e participou como relator en diversos simposios, congresos e xornadas relacionadas coa lingua e a literatura galega.
Inauguración da exposición Castelao e os irmáns da liberdade
Proxección do filme Miss Ledyá (máis info CINE, 22 xullo).
12 e 13 de xullo. 21.00 h
Observación astronómica das Bagoas de San Lourenzo.
Praia da Lanzada

TRADICIÓN

Festas e Romarías
 Do 14 ao 17 de xuño:
Festas do Carme
 25 de xullo: **Día Nacional de Galicia**
 1 de agosto: **VII Romaría Festa da Malla**




E ademais....

FOLCLORE
Xoves, 28 de xullo. 22.00 h.
Habelas Hainas. Praza do Corgo
 É en 2010 cando se cruzan os camiños destas catro mulleres de ampla traxectoria no mundo da

música tradicional para crearen o proxecto Habelas Hainas. Coas mesmas inqedanzas musicais e vitais, forman un quebracabezas onde os catro elementos se xuntan e complementan de xeito persoal. A súa versatilidade vai alén do feito de seren multinstrumentistas, e lévaas a explorar outros eidos artísticos poético-teatrais, facendo de cada espectáculo algo diferente e senlleiro. Compostela é o decorado onde se dá a luz o proxecto que, dunha forma directa, conecta coa xente de a pé en rúas, caellas, prazas, locais e escenarios. O seu punto de partida é a música tradicional e de raíz, sentíndose parte dunha tradición longa e viva da que xorde a natural necesidade de expresárense, sempre desde unha ollada feminista e plural. Isto lévaas a explorar outras músicas, crear os seus propios temas e experimentar coa tradición. Esta permanente inqedanza reflíctese na indagación e aproveitamento dos diferentes recursos dos instrumentos tradicionais, creando un son enérxico, fresco e orixinal.

Sábado, 6 de agosto. 20.00 h.
Festival Folclórico Cantodorxo. Praza do Corgo.

Domingo, 14 de agosto. 21.00 h.
Pandeiretada. Praza do Corgo.



Sábado, 3 de setembro. 20.00 h.
Festival Paradanda-Mecos. Praza do Corgo.

CATI- VOS

ACTIVIDADES PARA A RAPAZADA

Mércores, 6 de xullo. 22.00 h.
Cine: Inside Out (al revés).
Praza do Hospital
Cualificación por idades: apta para todos os públicos

Martes, 12 de xullo. 21.00 h.
Contacontos: Burromáquina. de Inacio Vilariño. Praza de Arriba.
Idade recomendada: 4 a 12 anos

Luns, 18 de xullo. 22.00 h.
Cine: Los Minions. Praza do Corgo
Cualificación por idades: apta para todos os públicos

Mércores, 20 de xullo. 22.00 h.
Cine: O Apóstolo. Praza do Hospital
Cualificación por idades: apta para todos os públicos

Luns, 25 de xullo. 21.00 h.
O Mago Teto: Novas Tolemaxias. Praza do Corgo

Martes, 26 de xullo. 21.00 h.
A Tropa de Trapo: Zona en Obras. Rúa Pratería
Idade recomendada: a partir de 4 anos

Martes, 2 de agosto. 21.00 h.
"As Fedellas". Praza de Arriba
Idade recomendada: a partir de 3 anos

Mércores, 10 de agosto. 21.00 h.
Cine: Marte. Praza do Hospital.
Cualificación por idades: Non recomendada para menores de 7 anos.

Martes, 16 de agosto
Contacontos: Estrafalaria, de Xarope Tulú. Praza de Arriba.
Idade recomendada:

Mércores 17 e xoves 18 de agosto.
Energy Truck. Praza do Corgo.
Actividades para nenos e nenas.

Mércores, 17 de agosto. 22.00 h.
Cine: Ocho apellidos catalanes. Praza do Hospital.
Cualificación por idades: Non recomendada para menores de 7 anos.

Venres, 19 de agosto. 21.00 h.
Contacontos: Romaría. Contos e lendas da nosa Terra, de Raquel Queizás. Rúa Pratería.
Idade recomendada: A partir de 3 anos.

Martes, 23 de agosto. 20.00 h.
Contacontos. Pedro Brandariz: Contos e outras andrómenas. Praza de Arriba.
Idade recomendada: de 0 a 99 anos.

Venres, 26 de agosto. 20.00 h.
Espectáculo infantil. Os sete magníficos +1: A historia da Blancaflor. Rúa Pratería.
Idade recomendada: de 4 a 9 anos

Xoves, 27 de agosto. 21.30 h.
Festa con Javi Solla. Rúa Pratería.
Para todos os públicos

EX- POSI- CIÓNS

Sala de Cunchas e Sala das Dornas
Castelao e os irmáns da liberdade. Do 22 de xullo ao 4 de agosto

A Toxa. Imaxes inéditas
Do 5 de agosto ao 4 de setembro.

Itinerantes
"Energy Truck. Museo do Gas de Gas Natural Fenosa."
Praza do Corgo. 17 e 18 de agosto de 12.00 a 20.00 h.
Organiza: Gas Natural.

XULLO, MES DA PATRIA
2016, ANO CASTELAO

10 de xullo. 21.00 h.
Teatro. Ano Castelao. A lingua na boca, de Limiar
Teatro na rúa Pratería.

12 de xullo. 20.30 h.
Contacontos con Inacio Vilariño: Burromáquina, na Praza de Arriba.

13 de xullo. 22.00 h.
Cinema en galego. Os fenómenos, na rúa do Hospital.

20 de xullo.
Cinema en galego. O Apóstolo, na rúa do Hospital.

22 de xullo. 20.00 h.
Xornada de conmemoración do centenario das Irmandades da Fala e do Ano Castelao na Sala das Cunchas do Concello.

24 de xullo. 18.00 h.
Festa da Patria no Paseo de Beiramar. Inchables, xogos e música...

25 de xullo. 12.00 h.
Acto institucional do Día Nacional de Galicia na praza do Corgo.

25 de xullo. 21.00 h.
Cultura no Camiño. O Mago Teto: Novas Tolemaxias, na praza do Corgo.

26 de xullo. 21.00 h.
Espectáculo da Tropa de Trapo: Zona en Obras, na rúa Pratería.

27 de xullo. 20.00 h.
Documental: Castelao e os irmáns da liberdade, na rúa Hospital.

28 de xullo. 21.00 h.
Habelas Hainas en concerto nos Xoves Musicais da praza do Corgo.

31 de xullo. 21.30 h.
Concerto Uxía e Narf, Baladas da Galiza Imaxinaria, na Praza do Corgo.

Máis info:

www.concellodogrove.es

 Verán O Grove 2016

Organiza:

ILMO. CONCELLO




Colaboran:

